

Manuel Rivas, Ana Romaní e Ramón Nicolás, gañadores dos premios da AELG

SANTIAGO / LA VOZ

Manuel Rivas en narrativa e Ana Romanía en poesía foron dous dos gañadores na Cea das Letras que na noite de onte celebrou a Asociación de Escritores en Lingua Galega en Compostela. Nese premio tamén se distinguiu a Ramón Nicolás, crítico literario de *La Voz de Galicia*, co premio á mellor traxectoria en xornalismo cultural.

Votados polos socios da AELG, estes premios anuais tamén distinguiron a Marcos Calveiro en literatura ifantoxuvenil a Manuel Lourenzo en teatro, a Marga do Val en tradución e a Pilar García Negro en ensaio.

No mesmo acto en que se lle entregou a Antonio Gamoneira a nominación como escritor galego universal, os escri-

tores en lingua galega sinalaron a máis recente novela de Manuel Rivas, *Todo é silencio*, como a mellor entre as publicadas o pasado ano. No mesmo caso, pero no capítulo de poemarios o gañador foi *Estremas*, de Ana Romaní.

O pintor do sombreiro de malvas, de Marcos Calveiro foi o escollido na categoría de libros destinados a lectores nenos ou mozos, mentres que a tradución de Marga do Val sobre o libro de Herta Müller, *Randea do Alento*, foi declarada mellor tradución do ano.

O clamor da rebeldía. Rosalía de Castro: ensaio e feminismo, de María Pilar García Negro, foi premio de ensaio e *Flores de Dunsinane*, de Manuel Lourenzo foi escollido en teatro. O blog de Alfredo Ferreiro foi elixido como mellor blog.